



Destinadas a persoas tituladas en **ciclos superiores de FP**

BOLSAS EUROPA FP- PROXECTO A COREUROPA X



14 BOLSAS

Para realizar **prácticas formativas durante tres meses** en empresas de **AUSTRIA/REPÚBLICA CHECA, FRANCIA/MALTA, ITALIA, IRLANDA E PORTUGAL.**

Período das prácticas: mediados de setembro a mediados de decembro de 2022



INSCRICIÓN

Prazo de inscrición: do 15 de marzo ao 3 de abril de 2022.

Inscrición: "on line" na web municipal www.coruna.gal/educacion a través da ficha específica Bolsas Acoreuropa X e achegando a documentación requerida a algún dos rexistros municipais.

i **MÁS INFORMACIÓN**

Na web **www.coruna.gal/educacion**, no Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (**T: 981 184 297 e 981 184 200 ext 12114.** e correo electrónico **educacion@coruna.gal**), nas bases publicadas e nos centros educativos adscritos ao programa.

BOLSAS EUROPA FP - PROXECTO A COREUROPA X

Que requisitos son necesarios?

Ter finalizados os estudos de ciclo superior de FP nos centros adscritos ao programa Acoreuropa X e ter superada a FCT en decembro de 2021 ou en xuño de 2022.

Ter a pauta de vacinación contra o Covid -19 correspondente a idade das persoas candidatas.

Cales son os centros adscritos ao programa Acoreuropa X?

CIFP Anxel Casal, CIFP Imaxe e Son, CIFP Paseo das Pontes, CIFP Someso, IES A Sardiñeira, IES Eusebio da Guarda, IES Fernando Wirtz, IES Ramón Menéndez Pidal e IES Urbano Luguís.

Onde se realizarán as prácticas?

- 2 bolsas en francés en Francia (Burdeos) ou en inglés en Malta (Gzira)
- 4 bolsas en inglés en Irlanda (Cork)
- 2 bolsas en inglés na República Checa (Praga) ou Austria (Viena, pode ser en alemán)
- 3 bolsas en italiano en Italia (Padua)
- 3 bolsas en portugués en Portugal (Lisboa)

Sen embargo, o Concello poderá variar a súa distribución en función da competencia lingüística das persoas seleccionadas e da existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico nos destinos solicitados.

Que inclúen as bolsas?

- As viaxes e desprazamentos de ida e volta desde A Coruña ata a poboación de destino.
- O aloxamento na poboación de destino durante o período da estadía.
- Axuda económica para financiar a manutención durante a estadía.
- Seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil.
- Contrato de formación non laboral por unha empresa do país de destino durante un período de 90 días.
- Titorización da estadía e das prácticas formativas por persoal especializado da empresa e da organización intermediaria no país de destino.
- Preparación lingüística, con acceso a un curso "on line" no idioma do país de destino, a través da plataforma "OLS" da EU.
- Realización de dúas xornadas de preparación específica antes da estadía.

Onde e como me podo inscribir?

Inscrición "on line" na web municipal www.coruna.gal/educacion a través da ficha específica do programa Bolsas Europa FP-Proxecto Acoreuropa X.

E presentar por rexistro, presencialmente ou por rexistro electrónico <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter#I322>, a seguinte documentación, da que existen modelos publicados na dita web municipal:

- ✓ Xustificante da solicitude, asinada.
- ✓ Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte.
- ✓ Fotografía recente tamaño carné.
- ✓ Declaración responsable de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello da Coruña
- ✓ Se for o caso, fotocopia do documento de demandante de emprego
- ✓ Se for o caso, certificación/s do/s título/s oficiais de idioma/s acadado/s.
- ✓ CV Europeo (en inglés)
- ✓ Carta de motivación (en inglés)
- ✓ Application form (en inglés)
- ✓ Certificado covid da Unión Europea de vacinación.

Cales son os criterios de selección?

Segundo as bases publicadas na web municipal e no BOP:

- ✓ A cualificación media final no ciclo formativo, até 10 puntos.
- ✓ A cualificación do idioma estranxeiro, de acordo ao nivel de lingua estranxeira adquirido no Marco Común Europeo das Linguas, até 10 puntos.
- ✓ A valoración do informe da titoría do centro onde a persoa solicitante realizase os seus estudos, até 5 puntos.

Onde podo obter máis información?

Na web www.coruna.gal/educacion, no Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (T: **981 184 297 e 981 184 200 ext 12114. e correo electrónico educacion@coruna.gal**), nas bases publicadas e nos centros educativos adscritos ao programa.

Quen promove o programa?

O Concello da Coruña, a Deputación Provincial da Coruña e o Servizo Español para la Internalización de la Educación (SEPIE) do Ministerio de Educación, en colaboración coa Unión Europea.